

## **PLAN DE TRABAJO DE MATEMÁTICAS. 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 2º NIVEL. CURSO 2023-2024**

### **MATERIAIS:**

- Coco Loco.
- Caderno DECA 2º.
- Caderno de traballo.
- Recursos informáticos.
- Fichas fotocopiáveis.
- Reloxos, moedas e outro material manipulable.
- Material de elaboración propia polo equipo docente.

### **PLAN DE TRABAJO:**

Os contidos da área de Matemáticas traballaranse a partir dos materiais nomeados anteriormente. Con carácter xeral, a distribución do traballo será a seguinte:

- Comezarse a sesión coa resolución oral de pequenos problemas a través do Coco Loco. Unha vez por semana traballarase no caderno Deca.
- De seguido, abordaranse os contidos programados para cada sesión a través da libreta, fichas e xogos interactivos. Na medida do posible tentarase presentar os novos contidos partindo de material manipulativo, murais e material gráfico diverso que axuden á comprensión dos mesmos.
- Por último, farase un repaso oral do aprendido e remataremos a sesión cun xogo de cálculo mental con todo o grupo.

Fomentarse o xogo como principal actividade para o afianzamento dos novos contidos e súa relación cos xa adquiridos. Ademais, na aula de informática traballaranse contidos relacionados con esta materia e faremos pequenos xogos ou actividades interactivas de repaso.

CEIP de TARRIO  
CULLEREDO

Os bloques de contidos que se abordan nesta área son:

- Bloque 1. Sentido numérico.
- Bloque 2. Sentido da medida.
- Bloque 3. Sentido espacial (xeometría).
- Bloque 4. Sentido alxébrico (procesos, métodos e actitudes).
- Bloque 5. Sentido da estatística e probabilidade.
- Bloque 6. Sentido socioemocional.

A aprendizaxe destes contidos farase a través de tarefas individuais e/ou en equipo para intentar desenvolver as competencias clave. Preténdese que o alumnado acade unha capacidade para enfrontarse a situacións nas que interveñan os números e as súas relacións, alcanzando unha eficaz alfabetización numérica e un axeitado desenvolvemento de habilidades matemáticas.

Deixase un determinado tempo para a realización das actividades na clase debendo concluílas na casa aquel alumnado que non aproveite debidamente o tempo durante a sesión correspondente.

## **CONTIDOS POR TRIMESTRE:**

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e traballaranse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
<ul style="list-style-type: none"><li>• Táboa do 100.</li><li>• Par e impar números de 2 cifras.</li><li>• Sumas e restas sen levadas. Termos.</li><li>• Anterior e posterior.</li><li>• Comparación de números (<math>&gt;= &lt;</math>).</li><li>• Aproximación de números ás decenas.</li><li>• Complementarios do 100.</li><li>• A centena</li><li>• Descomposición números de 2 e 3 cifras.</li><li>• Sumas de 3 cifras con levadas.</li><li>• Propiedade conmutativa e asociativa da suma.</li><li>• Restas con levadas.</li><li>• Resolución de problemas (1 operación)</li><li>• Resolución de problemas táboa de datos.</li><li>• O calendario. Meses, semanas e días.</li><li>• Liñas e rectas. Tipos e posicións</li><li>• Figuras planas. Clasific.</li><li>• Medida: palmos e pasos</li><li>• Interpretación e representación de táboas de datos.</li><li>• Cálculo mental:<ul style="list-style-type: none"><li>- Sumar e restar 10 a decenas enteiras.</li><li>- Sumar e restar 10 a números de 2 e 3 cifras.</li><li>- Sumar e restar 10 a centenas enteiras.</li></ul></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Descomposición de números de 3 cifras (C,D,U)</li><li>• Comparación de números de 3 cifras (<math>&gt;= &lt;</math>).</li><li>• Anterior-posterior e par-impar en números 3 cifras.</li><li>• Sumas e restas de 3 cifras con levadas. Proba da resta.</li><li>• Aproximación de números ás decenas e ás centenas.</li><li>• Números ordinais.</li><li>• Resolución de problemas con unidades de medida e peso.</li><li>• As horas. Reloxo analóxico e dixital.</li><li>• Unidades de peso e medida de capacidade.</li><li>• O perímetro.</li><li>• Ángulos.</li><li>• Triángulos e cuadriláteros. Clasificación.</li><li>• Círculos e circunferencias.</li><li>• Itinerarios. Movements en cuadrícula.</li><li>• Interpretación e representación de datos en gráficos de barras.</li><li>• Cálculo mental:<ul style="list-style-type: none"><li>- Sumar e restar 2 decenas enteiras.</li><li>- Sumar e restar 100 a centenas enteiras.</li><li>- Sumar e restar 100 a números de 3 cifras rematados en 0.</li></ul></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Descomposición de números de 3 cifras (C,D,U)</li><li>• Sumas e restas con levadas.</li><li>• Dobre e triple.</li><li>• A multiplicación. Táboas de multiplicar.</li><li>• Iniciación ao reparto (división).</li><li>• Metades, cuartos e tercios.</li><li>• Sistema monetario. Moedas e billetes.</li><li>• Resolución de problemas con cartos.</li><li>• Resolución de problemas (multiplicación).</li><li>• Figuras planas. Tangram.</li><li>• Prismas e pirámides</li><li>• Corpos redondos</li><li>• Simetría.</li><li>• Estimación. Sucesos seguros, posibles e imposibles.</li><li>• Cálculo mental:<ul style="list-style-type: none"><li>- Sumar e restar centenas enteiras a números de 3 cifras.</li><li>- Sumar e restar decenas enteiras a números de 3 cifras.</li><li>- Series dobre e metade.</li></ul></li></ul>

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Os estándares de aprendizaxe avaliábelson o referente para avaliar a adquisición dos contidos por parte do alumnado. En función dos seus resultados as cualificacións rexístraranse mediante número (1,2,3,4,5,6,7,8,9,10) e do seguinte xeito: IN (insuficiente), SUF (suficiente), BE (ben), NT (notable) e SB (sobresaínte).

<b>BLOQUES DE CONTIDO</b>	<b>INSTRUMENTOS AVALIACIÓN</b>	<b>%</b>
1. Procesos, métodos, actitudes matemáticas e sentido socioambiental	<ul style="list-style-type: none"><li>• Escala de observación</li><li>• Rexistro anecdótico</li></ul>	30
2. Números	<ul style="list-style-type: none"><li>• Escala de observación</li><li>• Rexistro anecdótico</li><li>• Exercicios realizados</li></ul>	30
3. Medida	<ul style="list-style-type: none"><li>• Manipulación e uso de medidas do seu entorno</li></ul>	20
4. Xeometría	<ul style="list-style-type: none"><li>• Traballo do alumno; recoñecemento de formas xeométricas</li></ul>	10
5. Estatística e probabilidade	<ul style="list-style-type: none"><li>• Observación da utilización de táboas en diferentes problemas matemáticos</li></ul>	10

